



Memoria xustificativa

Título da norma

Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Paideia Galiza para a colaboración educativa nas ensinanzas profesionais de música e de danza, e superiores de música.

Antecedentes

Que o artigo 45 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación establece que as ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos/das futuros/as profesionais da música e da danza, entre outras ensinanzas artísticas. O artigo 2.1 do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música (DOG do 31 de outubro) e o artigo 2.1 do Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza (DOG do 2 de novembro), indican que estas ensinanzas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Asemade, o artigo 3 do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 3 do Decreto 171/2016, do 24 de novembro, no que se establecen novos itinerarios na especialidade de Interpretación, dispón que o perfil do/da titulado/a superior en Música corresponde ao/á dun/dunha profesional cualificado/a que acadou a madureza e a formación técnica e humanística necesarias para realizar de maneira plena a opción profesional máis adecuada ás súas capacidades e intereses, mediante o desenvolvemento de competencias comúns aos estudos de música e na correspondente especialidade; igualmente, entre as competencias transversais do/da titulado/a superior en Música, no seu anexo II, recóllense ás de "Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional" e "Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional".

Razóns de oportunidade

A Fundación Paideia Galiza ten entre os seus fins a realización de actividades orientadas á formación, investigación e intervención no eido das ciencias sociais; a implantación de programas e tarefas dinámicas, sensibles á realidade, así como á busca da excelencia en servizos e prácticas profesionais, desde unha abordaxe interdisciplinar, transversal e integral, para lograr a calidade no compromiso e na aplicación do social e do científico.

Estímase fundamental a adecuación da formación dos/as músico/as e dos bailaríns e as bailarinas ao grao de excelencia académica que esixe nas ensinanzas artísticas profesionais e superiores, e o recoñecemento e posta en valor dos méritos artísticos e académicos baseados no esforzo e no traballo do alumnado. Estes obxectivos requiren dunha activa participación e corresponsabilización de todos os axentes sociais implicados, como procedemento clave para a actualización e capacitación técnico-artística dos/das estudantes de música e dos/das estudantes de danza, o que fai preciso a colaboración dos asinantes deste acordo, que permitirá afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe nos estudos profesionais de música e de danza, e nos estudos superiores de música dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.





Obxectivos

Coa sinatura deste convenio preténdese establecer as bases de colaboración entre a Fundación Paideia Galiza e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a promoción e posta en valor, no ámbito da música e da danza, de artistas noveis que veñan de rematar os estudos profesionais de música e de danza, e superiores de música nos conservatorios galegos.

Carga económica

Os compromisos acadados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa aplicación do presente convenio non supoñen incremento dos orzamentos desta Consellería.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

